



A atención á vulnerabilidade na historia da Igrexa



Antón Negro Expósito

No evanxeo de Mateo (13, 24) a parábola do trigo e o xoio ilumina a historia dos grupos humanos (da Igrexa) e a vida de calquera de nós. Ela ensina que en toda persoa, grupo ou institución hai luces e sombras, trigo e xoio, e que as présas por arrincar de raíz o xoio, o mal, son a xustificación na que se apoia toda ditadura. Este artigo prima a ollada sobre as luces, sobre o trigo na historia da Igrexa. Ademais xera máis ben, a un e á sociedade, facer memorial de bondades ca de agravios, como fixo na ex-Iugoslavia a neta de Tito, Svetlana Broz, co libro *Boa xente en tempos do mal*.

O psiquiatra xudeu Viktor Frankl constatou isto nas dramáticas circunstancias dun campo de concentración nazi e cóntao no libro, no que colaborei a traducir ao galego, *O home á procura de sentido*, un libro importante no meu proceso de formación e do que se levan vendidos millóns de exemplares. Nel afirma:

Podemos concluír que hai dúas razas de homes neste mundo, e só dúas: a «raza» dos homes decentes e a «raza» dos homes indecentes. Ambas están por todas partes; penetran en todos os grupos sociais. Ningún deses grupos está composto só por persoas decentes ou indecentes. Neste sentido, ningún grupo é de «pura raza» e, polo tanto, podíamos atopar un compañeiro decente entre os gardas do campo.

A vida nun campo de concentración desvelaba a alma humana deixando ao descuberto o seu ser máis profundo. Sorprende que nesas profundidades atopemos de novo só calidades humanas que na súa propia natureza son unha mestura do ben e do mal? A